

ANUNCIO

O Alcalde o día 19-06-2026, ditou a resolución con número 389/2026 seguinte:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE PRAZAS PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE MELIDE PARA O VINDEIRO CURSO 2026/2027

EXPEDIENTE: 2026/G003/000412

ANTECEDENTES:

De acordo co proxecto de regulamento do Servizo de Madrugadores a cargo do Concello de Melide nos centros públicos de educación infantil e primaria, publicado no boletín oficial da provincia da Coruña n.º 168 de 3 de Setembro de 2021.

Considerando o disposto no informe da Concelleira da área de Política Social do Concello de Melide, Carmen Liñeira Sánchez, data 17 de xuño de 2026, polo que se propón a intención de seguir prestando o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2026/2027 o cal se transcribe a continuación:

“CARMEN LIÑEIRA SÁNCHEZ, CONCELEIRA DE POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE E PERSOAL DO CONCELLO DE MELIDE,

INFORMO:

- *A intención de seguir prestando o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2026/2027.*
- *O artigo 9 do regulamento do servizo de madrugadores a cargo do Concello de Melide nos centros Públicos de educación infantil e primaria di: “a apertura do prazo ordinario para presentar solicitudes farase dende o 1 de xullo o 15 de xullo, previamente dítarase resolución da Alcaldía especificándose o número de prazas dispoñibles por centro que será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos, no paxina web e na sede electrónica do Concello”.*
- *Que tras analizar a demanda deste curso nos diferentes centros educativos de Melide considerase que o número de prazas dispoñibles para o vindeiro curso 2026/2027 debe ser o seguinte:*

*CEIP N°1 Melide: 35 prazas
CEIP A Martagona: 15 prazas
CEIP Mestre Pastor Barral: 20 prazas*

*A realización de dito informe ten por obxecto dar cumprimento o regulamento do servizo, tras a análise do transcurso do curso escolar 2026/2027.
E para que así conste, firmo a presente.
Melide, 17 de xuño de 2026.”*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o número de prazas, de acordo coas fixadas no informe anteriormente citado, para o servizo de Madrugadores nos centros educativos de primaria e secundaria do Concello de Melide para o vindeiro curso 2026/2027:

- CEIP N°1 Melide: 35 prazas
- CEIP A Martagona: 15 prazas
- CEIP Mestre Pastor Barral: 20 prazas

SEGUNDO. Publicar dito acordo no Taboleiro de Edictos, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Melide

Ordeno e asino en Melide, venres 19 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario accidental da fe. Asdo: O secretario accidental / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, luns 22 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas.